

CASTELAO, RAEMAEKERS E O "ALBUM NOS"

XOSE MANUEL B. LOPEZ VAZQUEZ
Universidade de Santiago

Hai xa bastantes anos lín unha aseveración de Alonso Montero na súa introducción ó Album Nos de Castelao que quedoume gravada nos miolos. Alonso Montero dicía que co Album Nos Castelao entra na súa historia, que todo o anterior era a prehistoria de Galicia (1).

Con tal afirmación Alonso Montero definía maxistralmente o cambio que na concepción da finalidade da súa arte producírase en Castelao ca realización das sepias do devandito album.

O mesmo Alonso Montero botando man do limiar que o de Rianxo escribíralle o album nos primeiros meses de 1931 e no que se dicía: "Este album de dibuxos foi composto entre os anos dezaseis e dezaoto, cando Galiza se esparguizaba dun longo sono" xustificaba tal cambio de actitudes de Castelao na finalidade da súa arte en causas sociais (primeiras revoltas campesiñas aguilloadas pola "Liga de Acción Gallega", folga de Ferroviarios e nun rexurdimento do compromiso da intelligentzia galega con Galicia (suliñando a creación das Irmandades da Fala, a publicación de *A terra asoballada* de Cabanillas e a chegada "ó galeguismo das súas dúas cabezas mais cultras e mais "europeas" de entón: Vicente Risco e Xoán Vicente Viqueira (2)).

Pero penso que todas estas razóns non abondan pra xustifica-lo cambio na obra de Castelao. Penso que tivo que haber un catalizador que lle abrise os ollos o patriota galego para que éste pasase dunha arte decorativa e festeira a unha arte de acción, unha arte combativamente ó servicio de Galicia. E pra min ese catalizador foron os Cartón feitos polo artista belga Louis Raemaekers denunciando o aldraxamento de Bélxica por Alemania durante a Primeira Guerra Mundial e que estaban recollidos nun album que leva a data de 1916, aínda cos cartóns figuran como xa feitos en 1915 (3). E dicir estamos nas datas nas que se produce o cambio na concepción artística de Castelao.

O problema agora estribiría en establecer se Castelao coñeceu ou non o album de Raemaekers e, se o coñeceu, determinares cando.

Que Castelao coñeceu o album non cabe a máis pequena dúbida. Xa que logo este album constitúe, como penso xa ter demostrado nun artigo publicado na

(1) Xesús Alonso Montero, *Situando o Album "Nos" de Castelao*, en *Castelao Nós*, Ediciones Júcar, Madrid, 1974, 60.

(2) *Ibid.*, 64-67.

(3) *Cartones de Raemaekers*, Londres, National Press Agency Limited, 1916.

Revista do Museo de Pontevedra (4), a fonte de inspiración primaria dos Albums *Galicia Mártir* e *Atila en Galicia*. Abonda con lembrar neste senso que os títulos dos Albums de Castelao remiten a ideas de Raemaekers. O "Galicia Mártir" reproduce a idea de "Bélxica Mártir" do frontispicio dos Cartóns de Raemaekers e o "Atila en Galicia" ten a súa explicación no pé (pois os cartóns de Raemaekers tamén teñen pés literarios interpenetrados cos debuxos coma sucede nos álbums de Castelao) do cartón 37: "Que todos cuantos caigan en vuestras manos, esten a vuestra merced, y que asi como los Hunos, mil años hace, a las ordenes de Atila conquistaron una reputación en virtud de la cual viven aun en la tradición. Asi sea conocido el nombre de Alemania" (5). Para unha comparanza máis polo miudo remíttolles ó devandito artigo.

Por conseguinte quedaría por determinar a segunda parte do problema plantexado: Cando coñeceu Castelao o album do belga. A resposta a esa cuestión non a sei. Somentes podó engadir dúas cousas:

Primeira: O album de Raemaekers foi espallado por Galicia nos primeiros anos da Segunda Guerra Mundial. O exemplar que eu utilicéi pertenceu ó seu avó, o tamén bó patriota galego Raimundo López Pol.

Segunda: Non hai ningunha relación directa entre os Cartón de Raemaekers e o Album Nós a non ser unha idea compositiva para "En Galicia non se pide nada. Emígrase" tomada das "Viudas Belgas" (6) e unha idea temática, moi esvada, ca presenza dunha tola en casaunseu album.

(4) José Manuel B. López Vázquez, *Las Fuentes de los Albums de Castelao "Galicia Mártir" y "Atila en Galicia"*, El Museo de Pontevedra, XXXVII, 1983, 357-368.

(5) *Cartones de Raemaekers...*, 37.

(6) *Ibid.*, 18.